

José Luís Ferro Iglesias

Espiñoso (Cartelle) (1970)

Formación:

Estudou no Colexio Luís Vives, Universidade Laboral e Seminario Maior de Ourense (Licenciado en Estudos Eclesiásticos pola Universidade de Navarra (Pamplona) (1994). Conta tamén co título de Profesor de Formación Vial (2002)

Experiencia laboral:

Exerceu o sacerdocio entre os anos 1994 e 1997, impartindo clases de relixión nos centros escolares públicos de Melón, Quins, Calvos de Randín e Muíños.

Unha vez deixou de exercer o sacerdocio, realizou distintos traballos profesionais en Meira (Lugo) e Celanova, onde se dedicou durante varios anos como profesor de formación vial e os últimos tres anos como celador na Residencia San Carlos de Celanova.

Dende o ano 2002 reside en Celanova, sendo elixido concelleiro de Cultura dentro do grupo municipal do Partido Popular no mes de xuño de 2011 e posteriormente alcalde de Celanova dende o día 25 de setembro de 2012 ata o 15 de xuño de 2019.

Na actualidade é voceiro do grupo municipal do Partido Popular no Concello de Celanova e exerce como asesor de Presidencia na Deputación de Ourense dende o mes de xullo de 2019.